

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE MAIO DE 2021

Ás 11:05 horas do día 21 de maio de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 18 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste ao punto 2a, 6 e 10)  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2b-2e, 4a-4d, 7 e 11b)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306) (emenda de documentación)**

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados a esta licitación. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, a secretaria lembra aos membros da Mesa que por acordo do 14 de maio de 2021, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

- ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
- MARIA FRANCISCO TOURIÑO (lotes 3 e 8)
- LUIS AGRA LAREO (lote 9)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 1 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Os tres licitadores presentaron documentación en prazo.

Así mesmo, pónense en coñecemento da Mesa os escritos presentados por D. Damián Currás Torea o 18 de maio de 2021 no que aclara que se presenta ao lote 11 e non ao 1 (como consta no DEUC por el representado) e por D. Andrés Ferreira Tobío na data 19 de maio no que manifesta que *"por motivos e situacións persoais sobrevindas nos últimos días non vai poder facerse cargo da explotación dos quioscos dos diferentes lotes para os que presentou propostas"* renuncia *"a continuar neste procedemento de contratación"*.

Á vista da anterior documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  - ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
  - MARIA FRANCISCO TOURIÑO (lotes 3 e 8)
  - LUIS AGRA LAREO (lote 9)
- b) Tomar coñecemento do escrito presentado por D. Damián Currás Torea o 18 de maio de 2021 en relación co erro no lote ao que se presenta.
- c) Aceptar a renuncia formulada o 19 de maio de 2021 por D. Andrés Ferreira Tobío (lotes 3, 4, 6, 7 e 8) (artigo 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) con carácter previo á apertura das proposicións avaliábeis a través de fórmula.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa do Areeiro" (712-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A *"Documentación persoal"*, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
  2. AVAN INTEGRAL, S.L.
  3. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
  4. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
  5. MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
  6. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 2 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade" (703-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
  2. AVAN INTEGRAL, S.L.
  3. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
  4. COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS ,S.L.
  5. MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
  6. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
  7. NAROM, S.L .
  8. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
  9. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L .
  10. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
  2. AVAN INTEGRAL, S.L.
  3. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U .
  4. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
  5. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
  6. ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO, S.L.
  7. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

**e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 3 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### "Construción de beirarrúas na rúa Subride" (709-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
  2. AVAN INTEGRAL, S.L.
  3. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
  4. ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO, S.L.

### f) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (25.103-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. ANA NAYA GARCÍA, S.L.
  2. AURORA PILAR Y ANA, S.L.
  3. COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.
  4. EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.
  5. FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES
  6. KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.
  7. MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L.
  8. PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.

## 4.- Apertura da documentación técnica

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa do Areeiro" (712-441)

Procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 4 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade" (703-441)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Subride" (709-441)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**e) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (25.103-332)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**6.- Apertura económica**

**a) Autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

**1) OBDULIA LASTRA FRANCISCO:**

- Propón como canon a aboar ao concello para cada un dos lotes o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 5 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Lote 4: 17.220,00 euros.

- Propón no ano 2021:

- A instalación do modelo de quiosco B.

- Propón a instalación para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quiosco segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):

- Lote 4: tipo 2

## 2) JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ:

- Propón como canon a aboar ao concello para cada un dos lotes o seguinte:

- Lote 3: 9.900,00 euros.
- Lote 8: 24.900,00 euros.

- Propón no ano 2021:

- A instalación do modelo transitorio de quiosco.

- Propón a instalación para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):

- Lote 3: tipo A 1 (tipo 1 o 3).

- TIPO de quiosco que van a instalar para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):

- Lote 8: tipo A 3(tipo 1 o 3).

## 3) DAMIÁN CURRÁS TOREA:

- Propón como canon a aboar ao concello para cada un dos lotes o seguinte:

- Lote 11: 3.875,00 euros.

- Propón no ano 2021:

- A instalación do modelo de quiosco definitivo A.

- Propón a instalación para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):

- Lote 11: tipo 2.

## 4) JUAN MANUEL BERNÁRDEZ LASTRA:

- Propón como canon a aboar ao concello para cada un dos lotes o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 6 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



- Lote 5: 17.220,00 euros.
- Propón no ano 2021:
- A instalación do modelo de quiosco B.
- Propón a instalación para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):
- Lote 5: tipo 3

### 5) RICARDO SANTIAGO DAPONTE

- Propón como canon a aboar ao concello para cada un dos lotes o seguinte:
- Lote 7: 20.289,51 euros.
- Propón no ano 2021 a instalación do modelo transitorio de quiosco ou instalación do modelo de quiosco definitivo A/B. De acordo coa seguinte relación:
- Lote 7: A instalación do modelo de quiosco definitivo "A" tipo 3.
- Propón a instalación para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):
- Lote 7: Tipo "A 3" .
- Tipo de quiosco que van a instalar para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):
- Lote 7: Tipo "A 3"

### 6) D. MANUEL LAGO CHAPELA

- Propón como canon a aboar ao concello para cada un dos lotes o seguinte:
- Lote 1: 1.002,00 euros.
  - Lote 4: 18.771,00 euros.
  - Lote 5: 24.771,00 euros.
  - Lote 6: 23.771,00 euros.
  - Lote 7: 24.771,00 euros.
  - Lote 8: 24.771,00 euros.
  - Lote 9: 26.771,00 euros.
  - Lote 10: 12.771,00 euros.
  - Lote 11: 13.771,00 euros.
- Propón no ano 2021:
- A instalación do modelo transitorio de quiosco para:
- Lote 5: Modelo Transitorio.
  - Lote 6: Modelo Transitorio.
  - Lote 7: Modelo Transitorio.



- Lote 8: Modelo Transitorio.
- Lote 9: Modelo Transitorio.
- Lote 10: Modelo Transitorio.

Instalación do modelo de quiosco definitivo, para:

- Lote 1: Modelo B.
- Lote 4: Modelo B.
- Lote 11: Modelo B.

- Propón a instalación para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):

- Lote 11: Modelo A, tipo 2 pequeno sen aseos.

- TIPO de quiosco que van a instalar para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):

- Lote 5: Tipo 1.
- Lote 6: Tipo 1.
- Lote 7: Tipo 1.
- Lote 8: Tipo 1.
- Lote 9: Tipo 1.

## 7) LUIS AGRA LAREO

- Propón como canon a aboar ao concello para cada un dos lotes o seguinte:

- Lote 9: 23.135,80 euros.

- Propón no ano 2021:

- A instalación do modelo transitorio de quiosco.

- Propón a instalación para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III).

## 8) ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA 2012, S.L.

- Propón como canon a aboar ao concello para cada un dos lotes o seguinte:

- Lote 4: 15.100 euros.
- Lote 5: 20.550 euros.
- Lote 6: 15.050 euros.
- Lote 7: 19.200 euros.
- Lote 8: 22.500 euros.
- Lote 9: 15.250 euros.

- Propón no ano 2021:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 8 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





- A instalación do modelo transitorio de quiosco.

- Propón a instalación para os anos 2022 a 2024 SI do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):

- Lote 4: tipo 4

- Tipo de quiosco que van a instalar para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):

- Lote 5: tipo 1
- Lote 6: tipo 1
- Lote 7: tipo 1
- Lote 8: tipo 1

### 9) DRINKS ATLANTIC, S.L.

- Propón como canon a aboar ao concello para cada un dos lotes o seguinte:

- Lote 4: 18.150 euros.
- Lote 5: 16.300 euros.
- Lote 6: 18.100 euros.
- Lote 7: 15.100 euros.
- Lote 8: 16.250 euros.
- Lote 9: 20.100 euros.

- Propón no ano 2021:

- A instalación do modelo transitorio de quiosco.

- Propón a instalación para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):

- Lote 4: tipo 4

- TIPO de quiosco que van a instalar para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):

- Lote 5: tipo 1
- Lote 6: tipo 1
- Lote 7: tipo 1
- Lote 8: tipo 1

### 10) ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.

- Propón como canon a aboar ao concello para cada un dos lotes o seguinte:

Lote 2: 1.601,10 euros.

Lote 4: 9.502,10 euros.

Lote 5: 9.501,10 euros.

Lote 6: 8.866,67 euros.

Lote 9: 23.300,10 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 9 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Propón no ano 2021:

- A instalación do modelo de quiosco definitivo A .

- Propón a instalación para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):

- Lote 2: tipo 1
- Lote 4: tipo 2 (tipo 2 o 4).

- TIPO de quiosco que van a instalar quioscos segundo táboa do documento "Quioscos" (Anexo III):

- Lote 5: tipo 1 (tipo 1 o 3).
- Lote 6: tipo 1 (tipo 1 o 3).

### 11) TRIBUNA VIGO 2020, S.L.

Propón como canon a aboar ao concello para cada un dos lotes o seguinte:

- Lote 1: 2.633,33 euros.
- Lote 6: 20.333,33 euros.
- Lote 9: 9.693,33 euros.
- Lote 10: 10.333,33 euros.
- Lote 11: 8.333,33 euros.

- Propón no ano 2021:

A instalación do modelo transitorio de quiosco si/non ou instalación do modelo de quiosco definitivo A/B. De acordo coa seguinte relación:

- Lote 1: A instalación do modelo de quiosco definitivo "B".
- Lote 6: A instalación do modelo de quiosco definitivo "A" tipo 3.
- Lote 9: A instalación do modelo de quiosco definitivo "A" tipo 1.
- Lote 10: A instalación do modelo de quiosco definitivo "A" tipo 1.
- Lote 11: A instalación do modelo transitorio de quiosco.

- Propón a instalación para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):

- Lote 1: Tipo "B".
- Lote 6: Tipo "A 3" .
- Lote 9: Tipo "A 1".
- Lote 10: Tipo "A 1".
- Lote 11: Tipo "A 2".

- Tipo de quiosco que van a instalar para os anos 2022 a 2024 do MODELO A de quioscos segundo táboa do documento de "Características técnicas dos Modelos de Quioscos" (Anexo III):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 10 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



- Lote 1: Tipo "B".
- Lote 6: Tipo "A 3" .
- Lote 9: Tipo "A 1".
- Lote 10: Tipo "A 1".
- Lote 11: Tipo "A 2".

## 12) ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L.

- Propón como canon a aboar ao concello para cada un dos lotes o seguinte:

- Lote 1: 1.020 €
- Lote 2: 1.020 €
- Lote 3: 2.820 €

- Propón para o ano 2021:

- Instalación de modelo do quiosco B.

- Propón a instalación para os anos 2022 a 2024 do modelo A de quiosco segundo a táboa do documento Anexo III - "Características técnicas dos Modelos de Quioscos", o Modelo A tipo 2.

Compróbase que no sobre 2 presentado por D<sup>a</sup>. María Francisco Touriño, tanto no lote 3 coma no 8, non consta a proposición avaliable mediante fórmula conforme ao modelo recollido na cláusula sexta.2.B), só hai un arquivo denominado "*Documentación sobre 2*" con título "SOBRE 2 – PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA" co seguinte índice:

"TÍTULO.....PAXINAS  
Índice.....1  
Plano acoutado en Modelo do quiosco transitorio.....2  
Fotografías do quiosco transitorio ofertado .....3-4  
Memoria descritiva dos materiais .....5"

Asisten á apertura: D<sup>a</sup>. María Francisco Touriño con DNI \*\*.68.45\*, D. Rubén Pérez Méndez con DNI \*\*.71.34\*, en representación de Atlántica de Hostelería 2012, S.L., D Manuel Lago Chapela con DNI \*\*.61.16\* e D. José Luis García Velo con DNI \*\*.72.72\*, en representación de ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- Excluir a D<sup>a</sup>. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO dos lotes 3 e 8 deste procedemento por non ter presentado a proposición avaliable mediante fórmula conforme ao modelo recollido na cláusula sexta.2.B) do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación.

Segundo o artigo 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público "*as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación*". Así mesmo, a citada cláusula sexta establece como contido do sobre 2, ademais da proposición avaliable mediante fórmula



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 11 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

conforme ao modelo esixido a documentación gráfica nos supostos e para os lotes nela indicados. Establece expresamente esta cláusula que será causa de exclusión "a falta de presentación destes documentos".

- Solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación económica dos licitadores admitidos.

## 7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Troncoso" (739-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 18 de maio de 2021 sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

## 10.- Propostas de clasificación/clasificación

### a) Autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou solicitar informe ao servizo xestor sobre as proposicións avaliadas a través de fórmula.

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de teatro de Vigo (EMT) (24.770-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 12 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de teatro de Vigo (EMT) (24.770-332)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 5 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro (EMT)*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (PPT) de 29 de xaneiro de 2021 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de 18 de febreiro, que se inclúen no expediente.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 423.201,28 euros (33.022,56€ na anualidade de 2021; 105.800,32€ na anualidade de 2022, 105.800,32€ na anualidade de 2023, 105.800,32€ na anualidade de 2024 e 72.777,76€ na anualidade de 2025) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro, con cargo a partida 3230.227.99.03 "Escola municipal de teatro" e Bolsa de vinculación. O valor estimado do contrato estipulouse en 529.001,60€.*

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de teatro de Vigo (EMT) (24.770-332) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	IMAXINERÍA, S.L.	92 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMAXINERÍA, S.L. (B-36.914.372), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMAXINERÍA, S.L., o día 4 de maio de 2021, que presenta a documentación requirida o 17 de maio, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMAXINERÍA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMAXINERÍA, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 27 de abril de 2021 e do acordo da Mesa de Contratación de data 3 de maio polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula por ser o único admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 14 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a IMAXINERÍA, S.L. (B-36.914.372) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de teatro de Vigo (EMT) (24.770-332) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 410.504,20 euros, exento de IVE.*
- b) *Comprométese á impartición de 40 horas de cursos específicos, de conformidade co establecido no 3.4.2. do Proxecto Educativo da EMT (Anexo I do PPT).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 19 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA SUBIDA A RELFAS - SÁRDOMA" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (92.443,29 €), con sinatura dixital de data 14/12/2018.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 15 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15 de outubro de 2020.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de NOVENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (92.443,29 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 16.043,88 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN).*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que tivesen presentado xustificación ningunha en prazo:*

1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
2. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,44
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,31
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	92,01
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,16
5	DESMACO, S.L.	81,11

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 16 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



*do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 11 de maio de 2021, que presenta a documentación requirida o 19 de maio, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 23 de abril e 5 de maio de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón das exclusións adoptadas pola concelleira delegada de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 17 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de maio de 2021, dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que tivesen presentado xustificación ningunha en prazo:*

- *ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.*
- *SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.*

*2. Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas - Sárdoma" (654-441) por un prezo total de 77.929,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.524,99 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:01	Páxina 18 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44B-53DA31-2B5A2F-W43VT2-EUBPFZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		